

FRONTE AO VIH

Un de cada tres diagnósticos de VIH en España débese a prácticas sexuais entre homes.

Nos estudos realizados, máis do 10% dos homes que teñen relacións sexuais con outros homes, están infectados polo VIH.




NON BAIXES
A GARDA

EN ESPAÑA, O VIH ESTÁ PRODUCINDO UNHA VAGA DE NOVAS INFECCIÓN EN HOMES QUE TEÑEN SEXO CON OUTROS HOMES

Os homes que teñen sexo con homes son o único grupo de poboación onde está aumentando a infección.

NOVOS DIAGNÓSTICOS DE VIH EN HOMES.



En 2007, máis da metade dos novos diagnósticos de VIH foron realizados cando os afectados xa desenvolveran a sida.

Iso significa que levaban máis dunha década convivindo co virus sen sabelo.

O diagnóstico atrasado impide beneficiarse dos tratamentos, o que empeora o pronóstico e a calidade de vida.

Máis da metade das novas infeccións, prodúcense a partir de persoas que non saben que viven co VIH.

PROTÉXETE, E AGORA

ROSA 900 601 601
CRUZ VERMELLA 900 111 000



www.msps.es

SEGURO QUE SABES O MÁIS IMPORTANTE?

- A mellor maneira de protexerte do VIH é utilizar sempre o preservativo desde o principio ata o final da penetración anal e evitar exaculacións na boca.
- O lubricante hidrosoluble (con base de auga) é o complemento indispensable do preservativo para a penetración anal, porque protexe as mucosas e diminúe o risco de rotura.
- A solidariedade e respecto polas persoas con VIH é fundamental.

SEXO ORAL: DÚBIDAS?

A felación ten moito menor risco que a penetración anal, pero evita que exaculen na túa boca.

En caso de que ocorra, non tragues o seme e enxauga a boca só con auga prescindindo de calquera outro produto.

Non cepilles os dentes antes ou despois de practicar sexo oral.

Se utilizas un preservativo poderás ademais previr outras infeccións de transmisión sexual (ITS).

MODULAR O NIVEL DE RISCO?

FACER SEROSORTING AUMENTA OS RISCOS

Algúns homes seleccionan os seus compañeiros sexuais en función do estado fronte ao VIH que din ter.

Se es VIH negativo, lembra que un terzo dos homes infectados non sabe que o está.

Se es VIH positivo, lembra que manter sexo sen protección con outros homes VIH positivos, aumenta a posibilidade de reinfectarte ou de contraer outras infeccións de transmisión sexual.

TES PARELLA?

A parella estable non é en si mesma unha garantía contra o VIH.

Se un dos dous se infecta con persoas alleas á parella, o risco de transmisión é alto se tedes sexo sen protección.

Asume a responsabilidade de coidar a túa saúde. Non esperes que outros a asuman por ti.



PROFILAXE POST EXPOSICIÓN

É un tratamento que pode aplicarse con carácter excepcional a persoas VIH negativas tras situacións de alto risco.

Por exemplo: ser penetrado analmente con exaculación por un home VIH positivo sen preservativo (ou con rotura deste).

Se che ocorre, acude a un hospital para que os profesionais valoren o teu caso particular.

Este tratamento de 28 días reduce a probabilidade de infección por VIH se se inicia antes de transcorridas 72 horas (preferentemente durante as 6 primeiras).

SE TIVECHES UNHA PRÁCTICA DE RISCO, NON ESPERES: FAI A PROBA.

Acude ao teu médico, centro sanitario ou ONG especializada. Alí valorarán o teu caso indicaranche a proba e diranche se debes repetila e cando.

EN TODO CASO, UNHA VEZ AO AÑO FAI A PROBA.